



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA AUTORIZAR A OCUPACIÓN CON INSTALACIÓNS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PORTO DO SON. EXERCICIO 2015.

1.- Obxecto.

1.- Estes pregos teñen por obxecto regular o procedemento para a adxudicación mediante poxa das autorizacións para a ocupación de praias coa finalidade de colocar instalacións e postos de tempada destinados á venda de xeados e bebidas, embarcacións de uso recreativo, tumbonas e outros durante o ano 2015.

2.- O ocupacións, por afectar ao dominio público marítimo- terrestre, estarán suxeitas ao cumprimento das condicións fixadas pola Demarcación de Costas en Galicia.

2.- Procedemento.

As autorizacións, de conformidade co previsto no art. 92.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, outorgaranse directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas.

3.- Vixencia das autorizacións.

A vixencia das autorizacións será de seis (6) meses, comprendendo desde o 1 de maio ao 31 de outubro de 2015.

Non obstante, as autorizacións para terrazas sobre beirarrúas e paseos marítimos, en tramos urbanos de praia, vinculadas a establecementos situados fóra do dominio público terán unha duración máxima de nove (9) meses, comprendendo desde o 1 de abril ao 31 de decembro de 2015.

4.- Garantías. Tributos e outros ingresos de dereito público.

1.- Os adxudicatarios deberán constituír unha garantía por importe de 25,00 euros por metro cadrado de ocupación.

2.- A ocupación con instalacións de temporada do dominio público marítimo- terrestre está suxeita ao pagamento dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Taxa pola instalación de quioscos: por importe de 8,65 €x m2 ao trimestre (Ordenanza fiscal nº 22).
- Taxa e canon pola ocupación do DPMT: calculado pola Demarcación de Costas segundo o previsto no art. 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

5.- Condicións dos licitadores.

1.- Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar.

Así mesmo, os licitadores deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Porto do Son), e

coa Seguridade Social e atoparse en situación de alta nos padróns fiscais correspondentes e na Seguridade Social, no seu caso.

Os anteriores extremos acreditaranse coa presentación da declaración responsable que se inclúe como **Anexo 3** destes pregos.

2.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición para instalacións do mesmo tipo en cada praia. Tampouco poderá presentar ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente. En caso de incumprimento destas condicións unicamente se tomará en consideración a solicitude presentada en primeiro lugar, rexeitándose as restantes.

6.- Presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes de presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son, en horario de 09:00 a 14:00 horas, ata o día **13 de febreiro de 2015**.

2.- Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Solicitude de autorización, segundo o modelo previsto no **Anexo 2**.
- Declaración responsable segundo o modelo detallado no **Anexo 3**.
- Copia do DNI ou CIF do solicitante e, no seu caso, copia do DNI do seu representante legal.
- Plano de situación a escala 1/1000, no que se describa a superficie a ocupar, tanto de superficies pechadas como de mesas e cadeiras no exterior, e a súa situación respecto ao deslinde do dominio público marítimo-terrestre.
- Croquis, no seu caso, da instalación e servizos de abastecemento, electricidade e saneamento.
- Fotografía da instalación.
- Acreditación de ter satisfeito o canon por ocupación do DPMT no ano 2014, para o caso de ter obtido a autorización.
- Designación dun número de conta bancaria para a devolución das garantías prestadas.

7.- Criterios para o outorgamento das autorizacións.

As autorizacións outorgaranse atendendo á orde da súa presentación (de ser necesario, terase en conta o seu número de rexistro de entrada) e atendendo ao cumprimento dos requisitos fixados nas cláusulas 2ª e 3ª do Prego de prescricións técnicas, de conformidade co previsto nos arts. 68, 69 e 70 do RD 876/2014, do 10 de outubro, Regulamento xeral de costas.

8.- Procedemento de outorgamento de autorizacións.

1.- Rematado o prazo de presentación solicitudes procederase ao seu exame e clasificación, de conformidade co previsto na cláusula 7ª deste prego.

2.- Compételle á Alcaldía- Presidencia resolver sobre a adxudicación das ocupacións, resolución que será notificada aos interesados no procedemento.

En todo caso, a autorización outorgada polo concello está suxeita á modificación ou revogación pola Demarcación de Costas, sen xerar dereito a indemnización.

3.- Coas solicitudes non autorizadas o confeccionarase unha listaxe de reserva para o caso de que se produzan vacantes.



9.- Réxime económico da autorización.

1.- No prazo de dez (10) días hábiles a contar desde o seguinte ao de notificación da adxudicación, os titulares da autorización deberán achegar a seguinte documentación:

- Xustificante de ter constituído a parte correspondente á garantía pola ocupación do DPMT.
- Xustificante do pagamento da parte correspondente á taxa e ao canon pola ocupación do DPMT.

Os importes indicados teñen o carácter de pagamentos a conta da garantía e da taxa e o canon por utilización do DPMT polo que poderán variar en función das liquidacións practicadas pola Demarcación de Costas. Neste suposto, o Concello de Porto do Son procederá de oficio á devolución dos importes ingresados en exceso ou, no seu caso, requirirá aos titulares das autorizacións para o ingreso das cantidades adicionais no prazo de dez (10) días hábiles.

2.- A falta de presentación dos documentos indicados dará lugar á revogación da autorización.

10.- Obrigas dos titulares das autorizacións.

Son obrigas dos titulares das autorizacións as seguintes:

- O pagamento dos importes correspondentes aos tributos, estatais ou municipais, e a constitución das garantías esixibles.
- Non impedir ou dificultar de ningún xeito o uso público, libre e gratuito do dominio público marítimo-terrestre.
- Manter nas debidas condicións de limpeza o entorno no que desenvolvan a súa actividade. Para estes efectos, deberán instalar ao menos dúas papeleiras exteriores.
- Cumprir coa normativa en materia de seguridade, salubridade e hixiénico-sanitaria esixible para o desenvolvemento da actividade, así como co disposto na Ordenanza de uso e desfrute das praias de Porto do Son.
- Manter exposto en lugar visible unha táboa co prezo dos bens e servizos ofrecidos e co horario de funcionamento.
- Ter a disposición dos usuarios follas de reclamacións, e publicalo debidamente.
- Nas instalacións nas que se expendan comida e bebidas o persoal deberá dispor de carné de manipulador de alimentos.
- Cumprir coa normativa en materia de protección contra a contaminación acústica e, especificamente, cesar toda emisión sonora desde as 22:00 horas.
- Adoptar as medidas precisas para garantir a seguridade da instalación, sendo da súa exclusiva responsabilidade a sinalización e protección da instalación para evitar a produción de danos a persoas e bens.
- O titular da autorización responderá dos danos e desperfectos causados ao dominio público ocupado.
- Restituír os terreos ocupados ao seu estado orixinal unha vez rematada a vixencia da autorización.

11.- Transmisión da autorización.

Os adxudicatarios non poderán ceder ou transmitir a terceiros a súa autorización sen o previo consentimento do concello.

A transmisión será autorizada discrecionalmente polo concello, atendendo ás condicións do adquirente, podendo esixir as garantías adicionais que se estimen pertinentes.

12.- Extinción da autorización.

A autorización extinguirase polas seguintes causas:

- a) Caducidade polo transcurso do seu prazo de vixencia.
- b) Renuncia do beneficiario;
- c) Mutuo acordo entre o beneficiario e o concello;
- d) Revogación, sen xerar dereito a indemnización, nos seguintes supostos:
 - en calquera momento, de conformidade co art. 92.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral;
 - por ocupar un espazo diferente ou superior ao autorizado cando non sexa atendido o requirimento de acomodación efectuado polo concello, por falta de pagamento dos tributos, ingresos de dereito público ou constitución de garantías legalmente esixibles ou previstas nestes pregos, por transmisión da autorización sen a aprobación do concello, polo incumprimento das condicións impostas no seu outorgamento e polo incumprimento das medidas de seguridade, salubridade e limpeza esixibles.
- e) Falecemento, disolución ou extinción da sociedade.
- f) Declaración de concurso do titular.

13.- Prerrogativas da Administración.

1.- O Concello de Porto do Son, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos legais, ostenta as prerrogativas para interpretar as bases, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalas por razóns de interese público, acordar a revogación e a resolución e das autorizacións e determinar os seus efectos.

2.- Pola Alcaldía poderán ditarse cantas ordes sexan precisas para a execución material do previsto nestes pregos.

14.- Remate da ocupación.

1.- Esgotada a vixencia da autorización e logo da inspección efectuada polos servizos municipais, non existindo responsabilidades das que deba responder o adxudicatario, o concello procederá á devolución da fianza depositada.

2.- Para o caso de aprezarse deficiencias ou responsabilidades, o concello requirirá ao adxudicatario para que no prazo máximo de quince (15) días proceda a subsanar ou indemnizar aquelas. Noutro caso, o concello incautará a fianza prestada, sen prexuízo da esixencia de responsabilidades, no seu caso, na parte que exceda do importe da fianza.



15.- Réxime xurídico. Xurisdición competente.

1.- Este procedemento ten carácter administrativo e rexerase, ademais de polo disposto nestes pregos, polo establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e normativa concordante, na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas e na normativa patrimonial das Entidades Locais, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como nas demais disposicións de desenvolvemento das anteriores. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

2.- As cuestións litixiosas xurdidas en relación con este procedemento serán resoltas polo órgano de contratación e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso- administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Anexo 1

PREGO DE PRESCRICIÓSN TÉCNICAS PARTICULARES.

1.- Instalacións autorizables e características xerais.

1.- As instalacións autorizables deberán ser de temporada e desmontables en todos os seus elementos.

As instalacións destinadas a actividades deportivas non náuticas unicamente se permitirán nos tramos urbanos das praias. En ningún caso se autorizarán actividades deportivas non náuticas.

2.- As ocupacións solicitadas non poderán impedir ou dificultar o uso público, libre e gratuíto dos areais.

3.- Coa finalidade de dar cumprimento ao previsto no art. 104 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), os quioscos e demais instalacións que ocupen os areais deberán adecuar as súas condicións estéticas ao entorno. Para este fin, deberán presentar acabados en madeira ou en cores claras, evitando as tonalidades vivas e a presenza de marcas comerciais ou publicidade.

2.- Ocupacións en tramos naturais das praias.

1.- A ocupación total non poderá exceder, en ningún caso, do 10 por cento da superficie da praia en preamar.

En todo caso, os establecementos expendedores de comidas e bebidas non excederán de 70 metros cadrados dos cales, como máximo, 20 metros cadrados poderán destinarse a instalación pechada e 50 metros cadrados para terrazas abertas.

2.- A distancia entre as instalacións autorizadas será, como mínimo, de 300 metros.

3.- Todas as conducións de servizos necesarias para o funcionamento das instalacións deberán ser soterradas.

De producir augas residuais, as instalacións autorizadas deberán conectarse á rede de saneamento municipal e, de non existir esta, deberán dotarse dun sistema de saneamento que garanta a eliminación eficaz das augas lixadas e a ausencia de malos olores. Prohíbense expresamente os sistemas de drenaxe ou absorción de augas residuais que poidan afectar á area da praia ou á auga de baño.

3.- Ocupación nos tramos urbanos das praias.

1.- A ocupación total non poderá exceder, en ningún caso, do 50 por cento da superficie da praia en preamar.

En todo caso, nos establecementos expendedores de comidas e bebidas a superficie pechada non excederá de 20 metros cadrados e 50 metros cadrados para terrazas abertas.

2.- As instalacións destinadas á venda de comida e bebidas situaranse a unha distancia mínima de 100 metros unhas das outras. Cando se trate de instalacións destinadas a actividades que non sexan semellantes, a distancia mínima será de 50 metros.

3.- Todas as conducións de servizos necesarias para o funcionamento das instalacións deberán soterrarse.

De producir augas residuais, as instalacións autorizadas deberán conectarse á rede de saneamento municipal, prohibíndose expresamente os sistemas de drenaxe ou absorción de augas residuais que poidan afectar á area da praia ou á auga de baño.

4.- Os límites de distancia e superficie non serán de aplicación para as terrazas sobre paseos marítimos vinculadas a establecementos situados fóra do dominio público. Neste suposto, as terrazas poderán instalarse a carón dos establecementos sempre e cando non obstrúan o paso e uso público

5.- As instalacións destinadas a actividades deportivas de carácter náutico federado ubicaranse preferentemente fóra das praias. Cando isto non sexa posible, situaranse nos extremos das praias, contra os seus límites.

A superficie deste tipo de instalacións non excederá dos 300 metros cadrados.

4.- Período de vixencia das autorizacións.

Con carácter xeral, a vixencia máxima das autorizacións será de seis (6) meses, comprendendo desde o 1 de maio ao 31 de outubro de 2015.

Con carácter específico, as terrazas sobre beirarrúas e paseos marítimos, en tramos urbanos de praia, vinculadas a establecementos situados fóra do dominio público terán unha duración máxima de nove (9) meses, comprendendo desde o 1 de abril ao 31 de decembro de 2015.

5.- Garantías.

Os adxudicatarios deberán constituír un depósito ou prestar garantía por importe de 25,00 euros por metro cadrado de ocupación.

6.- Tributos.

A ocupación con instalacións de temporada do dominio público marítimo- terrestre está suxeita ao pagamento dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalala s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P15072008
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- Taxa pola instalación de quioscos: por importe de 8,65 €x m2 ao trimestre (Ordenanza fiscal nº 22).
- Taxa e canon pola ocupación do DPMT: calculado pola Demarcación de Costas segundo o previsto no art. 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Anexo 2

Modelo de solicitude.

Concello de Porto do Son.

Nome:

Apelidos:.....

con DNI: e domicilio:..... nº:.....

CP:..... Localidade:..... Teléfono:.....

SOLICITA: autorización temporal para a ocupación do dominio público marítimo- terrestre durante os meses de maio, xuño, xullo, agosto, setembro e outubro de 2015 na praia de, termo municipal de Porto do Son, para a instalación de:

1º ☐ Instalación expedidora de refrescos ou xeados distribuída en:

- Instalación pechada:
 - Ancho: m x Longo:m= m2.
- Superficie exterior: terrazas, mesas e cadeiras. (As mesas e cadeiras totalmente despregadas en condicións de uso).
 - Ancho: m x Longo:m= m2.
- TOTAL:m2.

2º ☐ Terrazas sobre beirarrúas e paseos marítimos vinculadas a establecementos ubicados fóra do dominio público: m2.

3º ☐ Patíns, piraguas, hidropedais, nun número de:

4º ☐ Tumbonas, hamacas, parasoles, nun número de:

5º ☐ Outros:

Coa documentación que se achega:

- Copia do DNI ou CIF do solicitante e, no seu caso, copia do DNI do seu representante legal.
- Plano en de situación a escala 1/1000, no que se describe a superficie a ocupar, tanto de superficies pechadas como de mesas e cadeiras no exterior, e a súa situación respecto ao deslinde do dominio público marítimo- terrestre.

- Fotografía da instalación.
- Acreditación de ter satisfeito o canon por ocupación do DPMT no ano 2014, para o caso de ter obtido a autorización.
- Croquis, no seu caso, da instalación e servizos de abastecemento, electricidade e saneamento.
- Declaración responsable.

(Lugar, data e sinatura).

Anexo 3

Modelo de declaración responsable.

D./D con DNI
 en nome propio ou en representación de ".....",
declara de xeito responsable:

1º.- Que cumpre coas condicións legalmente esixidas para contratar coas Administracións Públicas.

2º.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3º.- Márquese o que proceda:

Que exercendo a actividade por si mesmo, se compromete a estar dado de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social durante o período de ocupación.	
Que se compromete a dar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ao persoal ao seu servizo durante o período de ocupación.	

(Lugar, data e sinatura).

Porto do Son, 9 de xaneiro de 2015.

O Alcalde Presidente,

Asdo. José Luís Oujó Pouso.



[Handwritten signature of José Luís Oujó Pouso]

DILIXENCIA: estes pregos de cláusulas administrativas particulares foron aprobados pola Alcaldía do Concello de Porto do Son por decreto da Alcaldía de data 09/01/2015.

O secretario,



Asdo. José Manuel González García.

[Handwritten signature of José Manuel González García]